



“X PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS”
Xoves 28 e venres 29 de xuño de 2012.
Santiago de Compostela.

RELATORIO SOBRE GALEGUIDADE. DESENVOLVEMENTO NORMATIVO

1. A Lei de Recoñecemento da Galeguidade.

A Lei 4/1983, do 15 de xuño de Recoñecemento da Galeguidade, sinala e recoñece que a Comunidade Galega non está presente só na Galicia territorial senón que as Comunidades Galegas no exterior, xurdidas do espírito asociativo dos galegos emigrados son parte integral da realidade galega como pobo e serven de vínculo de unión e comuñón entre os galegos do exterior e a nosa terra.

Esta Lei, desenvolve o artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Galicia no que se sinala:

1. As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento ás ditas comunidades que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.

2. A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado Español que, para facilita-lo disposto anteriormente, celebre os oportunos tratados ou convenios cos Estados onde existan tales comunidades.

O texto legislativo aprobado no ano 1983 centra a regulación do dereito ao recoñecemento da galeguidade en:

1. Definir ó obxecto da Lei: que é a galeguidade e que son as comunidades galegas.
2. Sinalar cal é o ámbito de participación, promovido e coordinado pola Comunidade Autónoma de Galicia, das comunidades galegas na vida social e cultural de Galicia.
3. Cal é o impulso que a Comunidade Autónoma de Galicia pode facer sobre a acción exterior do Estado Español, para favorecer a sinatura de convenios e acordos internacionais que beneficien ás comunidades galegas no exterior no contemplado nesta Lei.
4. Cal é o alcance e o contido do Recoñecemento da galeguidade, nas ordes social e cultural, outorgando unha serie de dereitos as comunidades galegas para garantir o seu acceso a determinados recursos, fundamentalmente no eido cultural, da nosa Comunidade Autónoma.




5. Sinala as competencias que ten a Xunta de Galicia para fomentar e promover a cultura e a acción social nas Comunidades Galegas.
6. Garantir a participación das Comunidades Galegas, a través dos seus representantes, da Comunidade Autónoma relacionados coa súa actividade. nos consellos e institucións
7. Crear o Consello de Comunidades Galegas, con carácter deliberante e funcións consultivas e de asesoramento das Institucións da Comunidade Autónoma, e co obxecto de cumprir os fins establecidos nesta Lei.

Nos anos 1987, 1991 e 1992 promulgáronse diferentes decretos que tiñan por obxecto adscribir o Rexistro de Comunidades Galegas e establecer o procedemento para solicitar o recoñecemento da galegitude e a súa inscrición, regular a organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas e ampliar a composición da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Este marco legislativo sinalou o camiño polo que a galegitude e a relación da Galicia territorial coa Galicia exterior discorreu nos últimos 30 anos.

Ao amparo desta Lei recoñecéuselle a galegitude a 158 entidades galegas, fundadas dende o ano 1850 ata os anos 80 do pasado século.

FUNDACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS 1850-1987



Como se pode apreciar no gráfico anterior a fundación das comunidades galegas no exterior está directamente relacionada coa xénese dos ciclos migratorios galegos cara aos países americanos, dentro do territorio español e cara a diversos países da Europa occidental.



Este marco de relación que sinala a Lei de Recoñecemento da Galeguidade garantiu a consolidación dun espazo de relación e traballo entre as institucións de Galicia e as Comunidades Galegas no exterior e promoveu a necesaria relación e comunicación entre as propias comunidades.

Froito desta relación renovada a administración galega e a sociedade da Galicia territorial puideron fortalecer os lazos cos galegos residentes no exterior e apoiar as accións de carácter cultural, social e asistencial que tradicionalmente xa desenvolvían estas entidades.

O Pleno do Consello de Comunidades Galegas e a súa Comisión Delegada amosáronse coma instrumentos eficaces para asesorar as accións a favor dos nosos paisanos residentes no exterior e como punto de encontro e intercambio das experiencias e esencia das diferentes colectividade galegas.

2. A GALEGUIDADE NO SÉCULO XXI E A NECESIDADE DUN MARCO NORMATIVO RENOVADO.

Son moitos os indicadores que sinalan a eficacia deste marco normativo no transcurso destes 30 anos de vixencia da norma:

- A Lei de Recoñecemento da Galeguidade foi a norma de referencia para o desenvolvemento lexislativo de moitas comunidades autónomas españolas nas relacións entre estas e as súas comunidades no exterior.
- O universo asociativo da galeguidade incrementouse notablemente neste período, atopándonos, a día de hoxe, con máis de 475 entidades que actúan no ámbito da galeguidade.
- Garantiuse o reencontro con Galicia, cos seus familiares e lembranzas de miles de cidadáns maiores galegos que, en moitos casos nunca tiveran a oportunidade de regresar a súa terra nai.
- Promoveuse que miles de nenos e nenas e mozos e mozas galegas descubriaran Galicia a través de diferentes programas da administración galega.
- Atendeuse a miles de galegos en situación de necesidade, directamente por parte da administración galega ou de forma coordinada coas entidades galegas prestadoras de servizos socio-asistenciais.
- Miles de galegos recibiron formación de lingua, cultura e historia de Galicia, música, baile e folclore galego, formación especializada en xestión de entidades, formación empresarial e para o emprendemento.
- Dotouse as entidades de publicacións galegas para as súas bibliotecas e de información xornalística sobre Galicia.
- Creáronse espazos nos medios de comunicación públicos de Galicia con temática específica sobre emigración e galeguidade.



- Asináronse acordos, protocolos, convenios e tratados internacionais, dende a propia administración de Galicia e por parte do Goberno español có obxecto de beneficiar aos cidadáns galegos residentes no exterior.

O transcorrer destes últimos 30 anos da historia da galegidade sinala algúns feitos que fan necesaria unha actualización da normativa galega en relación coas nosas comunidades no exterior:

- O xurdimento dun movemento asociativo galego no exterior contemporáneo, con novas características e intereses e con vontade de integrarse no ámbito formal da galegidade.
- A desaparición de entidades galegas recoñecidas ao amparo da Lei do Recoñecemento da Galegidade.
- O proceso de envellecemento dalgunhas entidades e das súas directivas co risco de desaparición destas entidades a curto e medio prazo.
- A necesidade de emprender políticas eficaces para a protección do patrimonio da galegidade, de xeito especial o patrimonio cultural, e para a súa catalogación, conservación e posta en valor na sociedade galega.
- A necesaria participación da mocidade galega e da muller no ámbito da galegidade, en igualdade de condicións e como única política eficaz para garantir a pervivencia das entidades no futuro.
- A aparición de novos obxectivos, ámbitos e áreas de traballo das comunidades galegas no exterior: promoción turística, cooperación internacional ao desenvolvemento, formación e capacitación, tecnoloxías da información e comunicación (TIC).
- O proceso de globalización e internacionalización da economía mundial fai que a presenza dos galegos e das comunidades galegas no ámbito internacional sexa un valor engadido para a proxección internacional da economía de Galicia e a mellora da súa introdución nos mercados exteriores. A existencia de máis de 15 asociacións de empresarios galegos radicadas fora da nosa Comunidade dá idea da importancia da galegidade empresarial e da necesidade estratéxica para Galicia de xerar unha rede empresarial no exterior que axude ao desenvolvemento destes procesos de internacionalización da nosa economía.

3. ANTEPROXECTO DA LEI DA GALEGUIDADE. EVOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO NORMATIVO.

O Regulamento do Parlamento de Galicia, no seu Título VI: Do procedemento legislativo, no seu capítulo I: Da iniciativa lexislativa, sinala no seu artigo 110:

“A iniciativa lexislativa, sen prexuízo do disposto no artigo 87.2 da Constitución e no 10.1 f) do Estatuto de Autonomía, correspóndelles:



1.- *Ós deputados e ós grupos parlamentarios de acordo co que establece este regulamento.*

2.- *Á Xunta ou ó Goberno de Galicia.*

3.- *Ós cidadáns, de acordo co artigo 87.3 da Constitución española e da lei orgánica que o desenvolva.”*

Este anteproxecto de Lei é unha iniciativa lexislativa do Goberno de Galicia, en base as súas competencias e atribucións, e desenvolve unha proposta de texto lexislativo que, unha vez aprobado polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia, remítese ao Parlamento de Galicia como Proxecto de Lei.

Acompaño como anexo a este relatorio, O Capítulo II: Do procedemento lexislativo común, na súa Sección 1ª: dos proxectos de lei, que inclúen os artigos 111 a 121, do Regulamento do Parlamento de Galicia no que se regula a tramitación dos proxectos de lei na Cámara Galega, dende a súa remisión por parte do Goberno de Galicia ata a súa aprobación ou rexeitamento por parte do Pleno do Parlamento de Galicia.

O Goberno de Galicia no momento en que dispuxo dunha proposta inicial do texto deste anteproxecto, presentada pola comisión redactora, trasladou este texto aos membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, na súa reunión do mes de decembro de 2011, para o seu estudo e valoración por parte das Comunidades Galegas no exterior.

A Xunta de Galicia considera esencial compartir este anteproxecto de Lei coas comunidades galegas para garantir que este texto lexislativo reflecta o sentir maioritario das nosas comunidades. As achegas que numerosas comunidades galegas fixeron chegar á Secretaría Xeral da Emigración serán obxecto de análise neste relatorio e obxecto de debate na comisión de traballo asignada no X Consello de Comunidades Galegas.

É vontade do Goberno de Galicia que, aquelas propostas feitas por parte das comunidades galegas, que sexan aprobadas nesta comisión e no plenario e que non entren en contradición co ordenamento xurídico do Estado español e da Comunidade Autónoma de Galicia poidan ser tidas en conta na redacción final do anteproxecto de Lei que se presentará ao Consello de Goberno da Xunta de Galicia para a súa aprobación e remisión ao Parlamento de Galicia como Proxecto de Lei da Galeguidade.

4. A LEI DA GALEGUIDADE. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DA PROPOSTA DE TEXTO LEXISLATIVO.

Tendo en conta que o conxunto das comunidades galegas xa dispoñen do texto do anteproxecto de Lei da Galeguidade, paréceme importante reflectir nesta parte do relatorio o espírito, a filosofía e o análise sobre a galeguidade que levou á comisión redactora deste anteproxecto a presentar un determinado texto.

4.1 Os principios xerais.

A Galeguidade: Comunidades Galegas e outras entidades da galeguidade

O propio título deste anteproxecto de Lei, abarca o ámbito de competencia do texto. A Real Academia Galega define a Galeguidade como:



1. *Carácter do que é galego.*

2. *Conxunto de todos os galegos.*

No que ten que ver co ámbito de aplicación da presente Lei e, como sinala o artigo 7.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia: “*As comunidades galegas asentadas fora de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade **entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego.***”

Transcorridos máis de 30 anos dende a promulgación da norma fundamental do dereito galego, debemos facer unha reflexión sobre o acontecer no ámbito da galeguidade e da presenza de entidades galegas no exterior. O espírito que marcou aos lexisladores á hora de introducir este artigo no noso Estatuto foi o recoñecemento as asociacións galegas no exterior polo seu mantemento e impulso da cultura, a lingua e as tradicións de Galicia nunha etapa da nosa historia onde a libre expresión da nosa “galeguidade”, do noso carácter socio-cultural como pobo estaba restrinxido por un réxime ditatorial e contrario ao recoñecemento da pluralidade cultural, social e lingüística do Estado español.


Froito desta normativa mais de 150 entidades galegas foron recoñecidas como comunidades galegas.

Sobre o que non reflexionaron os lexisladores galegos é que, sobre este ámbito da galeguidade, posteriormente estruturado pola Lei de Recoñecemento da Galeguidade, xurdirían outras entidades galegas co mesmo espírito, funcionamento, obxectivos e recoñecemento legal nos seus estados ou comunidades autónomas de acollida que as previamente recoñecidas e que, ademais, xa había e tamén xurdiron outras entidades que sen cumprir todos os fins e/ou requirimentos sinalados para as comunidades galegas tamén desenvolven a súa acción asociativa en estreita ou plena relación cos galegos residentes no exterior.

Froito disto é unha política mantida durante trinta anos de non contemplar cambios no rexistro de Comunidades Galegas e a xeración de espazos, non contemplados pola lexislación, para poder manter unha relación e apoio necesario cara estas entidades. A figura de “Centro colaborador da galeguidade” e “outros” no rexistro da galeguidade e clara mostra deste fenómeno.



O espazo asociativo da galegitude no exterior



É unha realidade que, a día de hoxe, máis do 70% das entidades asociativas do exterior con relación con Galicia e os galegos permanecen fóra do ámbito normativo e regulatorio desta Lei. Ademais debemos ter en conta cunha parte substancial destas entidades non consideradas comunidades galegas están formadas por galegos, dirixen os seus fins culturais ou sociais cara aos galegos residentes no exterior e manifestan a súa vontade de recoñecemento por parte da administración galega.

Tampouco se nos escapa que a maior parte destas entidades non cumpren os requisitos necesarios para ser recoñecidas como comunidades galegas pero, a Administración debe contemplar un espazo de recoñecemento e traballo no ámbito da galegitude.

É por iso que, neste anteproxecto de Lei, contemplamos unha tipoloxía de entidades galegas que cubra o espectro de actuacións, formas asociativas e intereses das entidades que actúan no ámbito da galegitude:

- i. Comunidades Galegas.** Entidades recoñecidas ao amparo do artigo 7.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia e que cumpran os requisitos e fins sinalados pola Lei. As Comunidades Galegas serán as únicas representantes da galegitude no Consello de Comunidades Galegas e terán a posibilidade de acceder a axudas e subvencións específicas.
- ii. Centros Colaboradores da Galegitude.** Entidades que cumpren os requisitos sinalados para elas na Lei. Os centros colaboradores da galegitude non formarán parte do Consello de Comunidades Galegas e poderán acceder a algúns dos programas de subvencións e axudas da Secretaría Xeral da Emigración, tal e como ven convocando ata agora.
- iii. Federacións de comunidades e/ou entidades galegas.** Neste anteproxecto contéplase a inscrición das Federacións de Comunidades Galegas e/ou entidades galegas. Esta inscrición non supón a xeración, por parte da administración galega de programas de axudas ou subvencións específicos para



estas federacións. As liñas de colaboración da administración con as mesmas se manterá coa mesma operatividade que se ven desenvolvendo ata o momento.

- iv. **Centros de estudio e difusión da cultura galega.** Entidades conformadas por galegos ou non galegos e cuxo obxecto principal de actividade sexa o estudo e difusión da cultura galega. A súa inscrición non xerará como no caso das federacións liñas de axuda específicas.
- v. **Redes sociais no ámbito da galegitude.** Serán recoñecidas exclusivamente aos efectos de ser inscritas no rexistro da galegitude. O obxectivo do recoñecemento é a posta en valor destas redes de intercambio de información, opinión e coñecemento. Non se contempla ningún tipo de axuda económica por parte da administración galega.
- vi. **Outras entidades.** Ábrese a posibilidade do recoñecemento, a efectos da súa inscrición no rexistro da galegitude doutro tipo de entidades que poidan xurdir no ámbito da galegitude. Calquera recoñecemento neste ámbito non suporá a xeración de programas de axuda específicos.

En definitiva, o recoñecemento e inscrición das entidades que xa están a traballar no ámbito da galegitude e que non cumpren os requisitos necesarios para ser inscritas como comunidades galegas ou centros colaboradores da galegitude non supón nin un incremento de gasto á administración pública galega nin un aumento da concorrencia nos programas, xa establecidos ou por establecer, de axudas e subvencións.

O Anteproxecto de Lei da Galegitude e a cidadanía galega no exterior.

Un dos maiores problemas que nos atopamos ao encarar a articulación deste anteproxecto de lei foi o feito de conxugar a legalidade normativa sobre cidadanía española e galega e a realidade da galegitude como sentimento de pertenza a unha terra, a unha cultura, a unha sociedade e a unha fala.

É indubidable que os galegos cumpren o sinalado polo artigo 3.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, teñen de seu a condición política de galegos: *“Como galegos, gozan de dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia, e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan na forma que determine a lei do Estado.”*

Nesta proposta lexislativa, e aos efectos exclusivos desta Lei, consideraranse galegos tamén os cidadáns españois nados en Galicia e residentes en outras comunidades autónomas e os seus descendentes.

Sendo conscientes de que o feito migratorio provocou diferentes situacións en moitos cidadáns orixinarios de Galicia e os seus descendentes no ámbito da nacionalidade, a comisión de estudo deste relatorio en base as achegas feitas dende diferentes entidades, debe estudar a posibilidade de ampliar o recoñecemento como galegos, aos efectos



exclusivos desta Lei, a cidadáns con nacionalidade doutros países pero orixinarios de Galicia así como aos seus descendentes, sempre e cando poidan acreditar tal condición.

4.2 O alcance económico da galeguidade.

Unha das novidades deste anteproxecto de Lei, é a inclusión específica das relacións económicas e a súa separación das relacións sociais da galeguidade exterior con Galicia.

Os problemas dunha sociedade galega cunha economía ancorada no antigo réxime, cunha estrutura económica e de propiedade atrasada e que impedía a modernización da economía produtiva –esencialmente agraria- da nosa comunidade foi un factor fundamental da diáspora galega nos séculos XIX e XX.

O esforzo de moitos galegos e moitas comunidades galegas no exterior, dende o xurdimento das primeiras entidades no ámbito da galeguidade se orientou precisamente a mellora das capacidades produtivas da economía galega: a redención de foros, compra de terras, a introdución de melloras técnicas nas explotacións agrarias e o fomento dos estudos agrarios e incluso experiencias no desenvolvemento de industrias de transformación e na mellora da formación dos nenos e mozos galegos son froito en parte dos emigrantes e as súas comunidades. Especial recoñecemento debemos facer das comunidades galegas en Cuba e tamén as sociedades galegas da área da Prata.

Hoxe, Galicia necesita mellorar a súa capacidade exportadora e a súa proxección económica nos mercados internacionais. Esquecer a necesaria relación que debemos establecer como pobo para mellorar a capacidade internacionalizadora de Galicia sería un erro histórico. Galicia segue necesitando as súas comunidades para mellorar, fortalecer e consolidar a “Marca Galicia” nos mercados e nas sociedades de acollida dos galegos no exterior.

As propias Comunidades Galegas teñen xerado un espazo asociativo dos empresarios galegos no exterior que buscan fortalecer a posición de Galicia e da súa economía na sociedades que os acolleron. Este feito debe ser recoñecido nesta Lei por que é parte integral da galeguidade.

Se ben a relación formal destas asociacións coa administración galega se desenvolve a través da Consellería de Economía e, máis especificamente do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) non debemos obviar que, estas entidades son asociacións sen ánimo de lucro, e que entre os seus obxectivos está o mantemento de relacións con Galicia neste ámbito económico-empresarial, polo que está plenamente xustificada a súa participación no ámbito de desenvolvemento deste anteproxecto de Lei.

Como sinalaba no punto 4.1 deste relatorio, galeguidade é o carácter que nos conforma e sinala como un pobo con características específicas e tamén é o conxunto do que somos como realidade humana. Polo tanto a participación das asociacións de empresarios galegos no exterior no ámbito da galeguidade é xusta, lexítima e de interés estratéxico para a nosa Comunidade.

O feito de que a relación entre as asociacións empresariais de galegos no exterior e a Xunta de Galicia se canalice a través do órgano de competencia en materia económica e de internacionalización da economía galega fai que non se contemplan a estas entidades



como posibles solicitantes de axudas e subvencións nos programas da Secretaría Xeral da Emigración.

4.3 A unión ou fusión das entidades galegas.

A necesidade ou non de unir ou fusionar as entidades galegas foi tradicionalmente, é e será un dos debates permanentes da galegitude. Os procesos de unión ou fusión vense producindo nas comunidades galegas de forma case simultánea co propio nacemento do asociacionismo galego no exterior.

A Xunta de Galicia promoverá estes procesos de fusión, que sempre terán un carácter voluntario, como estratexia eficaz para:

- Aumentar a fortaleza das entidades galegas e a participación dos seus asociados no ámbito da galegitude.
- Evitar a perda do patrimonio, especialmente o cultural, das entidades.
- Fortalecer as capacidades de traballo das comunidades galegas. Entidades máis fortes e especializadas no seu traballo a favor dos galegos residentes no exterior.
- Mellorar a eficiencia e racionalidade do uso dos recursos públicos a favor das comunidades galegas. O fenómeno microsocietario, entendible dende unha perspectiva histórica e da propia socioloxía da galegitude, provoca un uso excesivo de recursos fronte ao retorno cara aos galegos residentes no exterior e a propia sociedade galega.
- Fortalecer a imaxe de Galicia no exterior, no espazo de diplomacia pública, que xa teñen as entidades galegas con actuacións mais ambiciosas, coordinadas e cunha maior penetración nas sociedades de acollida e nas súas institucións públicas e privadas.

A unión de entidades non ten que significar a perda da identidade das entidades orixinais. O patrimonio cultural material e inmaterial das mesmas e o seu coñecemento como entidade debe ser o substrato sobre o que consolidar proxectos mais ambiciosos, con maiores recursos e mellor coordinados co resto de comunidades e coa administración de Galicia.

A administración galega empra as entidades galegas a que analicen e estuden os casos de éxito que se produciron coa unión ou fusión de entidades na historia da galegitude. A Hermandad Gallega de Venezuela, O Centro Galicia de Bos Aires ou o Centro Galego de México son exemplos da fortaleza e posibilidades que abren os procesos de unión no ámbito da galegitude.



4.4 A protección do patrimonio da galeguidade.

É unha obriga dos poderes públicos protexer o noso patrimonio e, con especial atención, o noso patrimonio cultural que conforma a esencia do que somos como pobo e do que como pobo podemos ofrecer ao resto da humanidade.

É esta unha obriga compartida coa sociedade civil que no seu ámbito de responsabilidade e acción tamén debe velar pola necesaria protección do que sendo seu e tamén unha propiedade do conxunto da sociedade galega.

Neste anteproxecto de Lei vinculamos o recoñecemento da galeguidade como comunidade galega a unha entidade á cesión, segundo reflecten nos seus estatutos, do seu patrimonio –especialmente o cultural- ao pobo de Galicia.

É indubidable que o propio espazo da galeguidade e concretamente no caso de países ou comunidades autónomas que contén con mais dunha entidade galega, este destino podería ser outra comunidade galega que desenvolva accións similares á da comunidade extinta.

Sinalamos neste anteproxecto que no caso do patrimonio, de carácter cultural que poida e deba ser conservado en Galicia, o órgano encargado da súa conservación, catalogación e difusión, será o Consello da Cultura Galega.

Como non podería ser doutro xeito, este anteproxecto recolle a salvagarda de que a cesión do patrimonio das comunidades extintas debe cumprir o sinalado para a liquidación patrimonial por parte das lexislacións dos estados ou comunidades autónomas nos que estas comunidades estean asentadas.

4.5 Os órganos de representación da galeguidade.

O Consello de Comunidades Galegas, como órgano colexiado de representación e participación das comunidades galegas e a Comisión Delegada deste órgano que da continuidade as funcións consultivas e de asesoramento do mesmo constitúen, dada a súa importancia no ámbito da galeguidade, un título diferenciado neste anteproxecto de Lei.

No que se refire aos órganos de representación da galeguidade, a acción dos membros da comisión redactora reflectindo a opinión da administración galega é a de reforzar o papel que estes desenvolven como principais asesores da administración galega á hora de orientar as súas políticas cara as comunidades galegas e aos cidadáns galegos no exterior e, por outra banda, reflectir no texto normativo procesos que se desenvolven no plenario do Consello de forma consuetudinaria.

Clarifícase, por outra banda, a presenza de membros natos da administración galega no Consello de Comunidades, sinalando aos titulares das competencias que desenvolven accións no ámbito da galeguidade e non sinalando órganos específicos que poden variar na conformación dos gobernos de Galicia.

Detállanse as funcións dos membros deste órgano colexiado: Presidencia, vicepresidencia, vogais e secretario.




É de sinalar que neste anteproxecto sinálase a potestade exclusiva das comunidades galegas para elixir ás entidades representantes por área xeográfica na Comisión Delegada deste órgano e se atribúe ao Presidente do Consello a función de nomear formalmente as entidades electas pola galeguidade para representala neste órgano permanente.

Por outra banda, recóllese que sexan as propias comunidades galegas as que valoren, estuden e recomenden, ao Goberno de Galicia o recoñecemento ou revogación da galeguidade ás entidades e comunidades galegas. Deste xeito será preceptivo informe da Comisión Delegada tanto para o recoñecemento da galeguidade dunha comunidade galega como para a súa revogación.

É intención da administración galega mellorar a operatividade, a comunicación entre as entidades representantes na Comisión Delegada do Consello de Comunidades coas comunidades galegas e reforzar o seu papel de asesoramento e consulta á administración galega a través do órgano administrativo competente en materia de emigración.

No que ten que ver coa representación efectiva das comunidades galegas nos órganos de representación da galeguidade, ao noso entender, non se debería cambiar dita representatividade. No Pleno do Consello esta representación outorga a cada comunidade un voto neste Consello e, no caso da Comisión Delegada, pese a que as comunidades galegas en América representan case que o 50% do total delas, como órgano asesor e consultivo que é, nos parece mais importante garantir un debate proporcionado que dea a mesma voz aos representantes das comunidades en América, Europa e España.

COMUNIDADES GALEGAS EN EL MUNDO





5. ANÁLISE DAS ACHEGAS FEITAS POLAS COMUNIDADES GALEGAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DA GALEGUIDADE.

As propostas das Comunidades Galegas.

Esta parte do relatorio céntrase na análise e comentario das propostas presentadas por numerosas comunidades galegas. A metodoloxía de traballo para a análise e formulación de propostas varía dunhas comunidades a outras, podemos distinguir tres métodos básicos:

- 1º. Reunión de análise das entidades e aprobación da formulación de propostas razoadas sobre o contido normativo. Federación Unión de Sociedades Galegas da República Arxentina e Federación de Sociedades Galegas da República de Cuba.
- 2º. Estudo da Lei de forma individual e debate conxunto, sen concretar propostas acordadas de forma unánime polas entidades, non se recollen en documento escrito nin asinado pola entidades. Coordinadora Federal das Asociacións Galegas en Alemaña, Unión de Sociedades Galegas da República Oriental del Uruguay, Irmandade de Centros Galegos en Euskadi, e Entidades Galegas en Cataluña.
- 3º. Proposta dunha entidade galega e debate para aprobación do texto por parte das entidades do país. Elabórase un documento considerado –proposta alternativa/emenda á totalidade- e, en asemblea se aproba e comunica publicamente-.

Agradecemos a tódalas entidades as propostas remitidas e o esforzo realizado no seu estudo e comentario e tratarei nesta parte do relatorio de dar contestación ás propostas presentadas.

Debo sinalar que xa na reunión da Comisión Delegada celebrada no mes de decembro en Ourense, algúns dos membros de este órgano fixeron importantes achegas á versión entregada do anteproxecto, xa reflectidas no texto que se lles fixo chegar ás entidades galegas.

Quero mencionar de forma especial a D. José María Vila-Alén, xurista e Presidente do Centro Galicia de Bos Aires, D. Enrique Repiso, xurista e representante do Centro Viveiro y su Comarca, D. Ernesto Lagarón, Presidente da Asociación Cultural Galega “Saudade” de Barcelona, D Antonio Barbosa Fernández, Presidente de Casa de Galicia en Valladolid y D. Raimundo Alfredo Otero, Presidente do Lar Gallego de Sevilla.

O feito de entregar o anteproxecto de lei ás comunidades galegas para o seu comentario, por parte da Secretaría Xeral de Emigración expresa a vontade desta administración e este Goberno de actuar con transparencia e contando coa opinión da galeguidade. E por iso tamén consideramos que a base de debate deste relatorio debe ser o mesmo anteproxecto de lei e os comentarios, achegas e reflexións que fixestes nos últimos seis meses.

Agrupei as diferentes achegas seguindo a estrutura do texto legislativo, para facilitar un seguimento ordenado do texto, sinalo, en todo caso a procedencia da achega e a opinión que nos cabe como redactores do texto. Aquilo que sexa materia de debate, debaterase



en comisión, aquelas achegas que entren en colisión co ordenamento xurídico español ou galego sinalarase neste relatorio, para facilitar e axilizar os traballos da comisión.

Debo sinalar que no caso específico do documento presentado pola Sociedade Galega Sementeira de Basilea, é necesaria unha aclaración previa sobre o seu estudo. Tivemos que facer un primeiro análise do contido “debatible” deste documento neste relatorio e froito deste análise:

- Obviamos aquela parte do documento que é reprodución literal do contido de artigos do anteproxecto de lei (67% do texto) no texto desta entidade.
- O Título II “Do apoio económico da Comunidade Autónoma de Galicia ás Comunidades Galegas asentadas fora de Galicia”, no seu conxunto, presenta graves problemas de lexitimidade normativa ao reiterar o xa lexislado tanto a nivel estatal como autonómico, obviando partes esenciais das leis básicas que regulan as subvencións e axudas públicas e contradicindo a estas leis nalgún artigo. Ademais o feito de lexislar especificamente nesta materia implica que calquera cambio nas leis básicas suporía unha reforma lexislativa da futura lei da galegitude. Rexeitamos, de entrada, a utilidade de integrar articulado nesta lei en materia de subvencións.
- O resto do texto, aprox. un 15% do texto total do documento, si se analiza neste relatorio.
- Sinalando que este documento tal vez exprese máis polas partes que omite do anteproxecto de lei que polas que reflicte e, tendo en conta que é o único documento que se difundiu dende Suíza ao resto das comunidades galegas do mundo, non sinalarei nas miñas respostas as partes omitidas do texto. Todos vostedes as coñecen se o leron.

Análise das propostas presentadas polas Comunidades Galegas ao anteproxecto da Lei da Galegitude.

Título Preliminar: Principios Xerais

Art. 3. Cidadáns Galegos residentes fora de Galicia.

- *A Unión de Sociedades Galegas na República Arxentina*, sinala a posibilidade de ampliar na definición do que é ser galego, ao efecto desta Lei, aos descendentes de aqueles que ostenten a condición política de galego tal e como o sinala o Estatuto de Autonomía de Galicia. A redacción do artigo sería (texto engadido en negriña e subliñado):

ARTIGO 3.- Cidadáns Galegos residentes fora de Galicia.

1. Son galegos, aos efectos da presente Lei, os cidadáns españois residentes no estranxeiro, a quenes o Estatuto de Autonomía de Galicia outorga dereitos políticos, así como tamén aos seus descendentes.



2. *Considéranse tamén galegos, aos efectos da presente Lei, aos cidadáns españois nados en Galicia e residentes noutra comunidade autónoma do Estado español, así como tamén os seus descendentes.*

- ✓ Dende a visión do equipo redactor, a comisión debería debater sobre a conveniencia de recoñecer aos descendentes dos que ostentan a condición política de galegos o feito de ser galegos aínda que sexa aos efectos desta Lei, xa que, en principio os descendentes de galegos teñen a opción de optar pola cidadanía. Caso que non se produce, por lóxica, nas comunidades autónomas agás Galicia.
- A Sociedade Galega Sementeira, de Basilea, neste artigo propón a seguinte redacción:

1. Son galegos, aos efectos da presente Lei:

- i. Os galegos de orixe que acrediten a condición de residente no estranxeiro no correspondente Consulado de España.
- ii. Os galegos de orixe que residan noutra Comunidade Autónoma do Estado español.
- iii. Os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España.

- ✓ O punto ii dende a nosa visión é excesivamente limitativo e con esta redacción non garantimos a continuación das comunidades galegas en España unha vez desaparecida a xeración de galegos de orixe. Non podemos admitir o punto iii, xa que se é un cidadán español orixinario de Galicia residente no estranxeiro, o lóxico é que fixe a súa veciñanza administrativa en Galicia, de non ser así é unha renuncia voluntaria a ter a condición política de galego o que, ao noso entender, é unha autoexclusión voluntaria da súa galeguidade.

ARTIGO 4. Tipoloxía das entidades galegas.

- Federación de Sociedades Gallegas en Cuba. Formulan a proposta de incluír unha nova categoría que suporía o recoñecemento das comunidades galegas históricas, é dicir aquelas que –segundo se reflicte nesta proposta– teñan máis de 80 anos de antigüidade e cumpran cunha serie de requisitos. A Federación de Sociedades Gallegas en Cuba desenvolve a plasmación desta nova categoría no articulado do anteproxecto de Lei nos artigos:



Artículo 6. TIPOLOGIA DE LAS ENTIDADES GALLEGAS.

Las entidades gallegas asentadas fuera de Galicia podran ser reconocidas según los requisitos establecidos en la presente ley en alguna de las siguientes categorías:

- a) Comunidades Gallegas
- b) Comunidades Gallegas Históricas
- c) Etc., etc.

Artículo 9: DE LAS COMUNIDADES GALLEGAS HISTORICAS

Son Comunidades gallegas históricas aquellas entidades de carácter benéfico fundadas por gallegos a finales del siglo XIX y primer cuarto del siglo XX en cuyos Estatutos se exprese a más de la protección al emigrante, la voluntad de ayuda a Galicia, la contribución al fomento y sostén del desarrollo cultural, económico y social de la Galicia empobrecida, coadyuvando con sus obras a ambos lados del océano a prolongar la geografía gallega, tendiendo así un eterno puente filial con el país de acogida, que dio inicio a la mayor emigración de la historia de Galicia.

Artículo 10 REQUISITOS

1. Para el reconocimiento de una entidad como Comunidad Gallega Histórica se deberán cumplir los siguientes requisitos:
 - a) Estar constituida y reconocida conforme al ordenamiento jurídico del Estado en que estén establecidas.
 - b) Tener una actividad ininterrumpida de, por lo menos, 80 años manteniendo el cumplimiento de los fines benéficos para los que fue constituida, de acuerdo con las circunstancias objetivas actuales.
 - c) Contar con por lo menos 100 asociados, de los cuales, un número de ellos, que se determinará reglamentariamente, deben poseer la condición de gallegos conforme señala el Estatuto de Autonomía.
 - d) Que su estructura y funcionamiento interno se rijan por principios democráticos.
 - e) Manifestar su voluntad expresa de que su galleguidad sea reconocida conforme a los principios de la presente ley.
 - f) Aquellas otras que se determinen reglamentariamente

(Pag. 17) DE LAS FEDERACIONES DE ENTIDADES GALLEGAS.

1. Las Comunidades Gallegas, las Comunidades Gallegas Históricas y los



Centros Colaboradores de la Galleguidad podran constituir federaciones con el fin . etc. etc.

2. Podran inscribirse en el Registro de la Galleguidad aquellas federaciones constituidas por entidades con domicilio social dentro de un mismo ambito territorial y que consten, como minimo, con dieciocho Comunidades Gallegas, Comunidades Gallegas Historicas o Centros Colaboradores inscritos en el Registro de la Galleguidad, etc., etc.

.....(Pag. 19).... REVOCACION DEL RECONOCIMIENTO DE LA GALLEGUIDAD

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

5.. (Pag. 20)..... Cuando las Comunidades Gallegas Historicas incumplan su objeto social o no mantengan una actitud acorde con sus principios fundacionales adoptando procedimientos que de alguna forma pudieran perjudicar o menoscabar su prestigio historico y por ende el de la Galicia exterior, se incoará de oficio, por el organo competente en materia de Emigración, el procedimiento de revocación de su reconocimiento.

6. El acuerdo de revocación sera adoptado por el organo competente para su reconocimiento, previa audiencia del interesado.

CAPITULO IV (Pag. 24)

ACTUACIONES EN EL AMBITO SOCIAL

- a)
- b)

(Pág. 25)

La Comunidad Autónoma de Galicia, determinará las medidas de apoyo a las Comunidades Gallegas, Comunidades Gallegas Historicas y los Centros Colaboradores de la Galleguidad.....(igual).

....(Pag. 30)

. ORGANIZACIÓN

1. El Registro de la Galleguidad se organizará en las siguientes secciones:

- a) Comunidades Gallegas.
- b) Comunidades Gallegas Historicas
- c) Etc., etc.

La Habana , Cuba, 15 de febrero de 2012



- ✓ Como información, nestes momentos o decreto 359/1998, do 4 de decembro reconece a galegitude á agrupación de sociedades representativas de concellos e parroquias de Galicia na Habana, Cuba. Neste decreto se lle reconece esta galegitude agrupada a 42 entidades galegas. É indubidable o necesario recoñecemento das achegas ao desenvolvemento cultural e social de Galicia destas entidades. Podemos ver os seus nomes en moitas escolas galegas financiadas e promovidas dende estas entidades. Tamén é certo que na actualidade a maior parte destas entidades dedican a maior parte dos seus esforzos no mantemento dos panteóns parroquiais na Habana aínda que tamén desenvolven algunha actividade cultural e de encontro dos galegos na Habana. A necesaria eficiencia e austeridade que deben marcar a acción do goberno e o feito de que estas entidades desenvolven a súa actividade diaria nun espazo común –e certamente restrinxido- nos conducen a non aconsellar o recoñecemento individualizado da galegitude a estas entidades e si a aconsellar que as mesmas emprendan un proceso de unión –mantendo as súas características e legado histórico- que fortaleza a súa acción cara aos seus asociados, a os galegos residentes na Habana e que permita un maior apoio a súa acción como comunidade galega por parte da administración de Galicia.
- A Sociedade Galega Sementeira de Basilea, formula o recoñecemento exclusivo ás Comunidades Galegas e aos Centros Colaboradores da Galegitude.
- ✓ Esta proposta parécenos pouco axeitada porque deixaría a un grupo importante de entidades galegas ou de entidades que traballan e prestan servizos de xeito fundamental a galegos ao marxe da galegitude. Entidades como Casa de España de Río de Janeiro, froito da unión de Casa de Galicia e o Centro Espanhol, e cun 85% dos socios galegos ou de orixe galega, a Real Sociedade Española de Beneficiencia de Salvador de Bahía, fundada e conformada maioritariamente por galegos, ou o Hogar Español de Ancianos de Montevideo, con a súa xunta directiva conformada case que exclusivamente por galegos e que atende maioritariamente a anciáns galegos sen recursos, quedarían ao marxe da galegitude e dificultaría á administración galega o necesario apoio que estas entidades precisan e merecen. Sinalo aquí que os tres grupos parlamentarios da Cámara Galega teñen reiterado en diferentes iniciativas lexislativas emprazar á Xunta de Galicia a manter e incluso incrementar o seu apoio a estas entidades prestadoras de servizos aos galegos.

¿É o nome da entidade o que lle dá carta de natureza á súa galegitude? Non podemos estar de acordo con esta formulación. Dende o noso punto de vista é o traballo feito cara aos galegos do exterior o que identifica a unha entidade como comunidade galega ou centro colaborador da galegitude xunto co cumprimento dos requisitos e fins sinalados na lei.

Titulo I: Das entidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Capítulo I: Das Comunidades Galegas.

Art. 8. Requisitos

- A Unión de Sociedades Galegas na República Arxentina. Plantexa no art. 8. c) considerar tamén aos seus descendentes, tal e como sinalaban para o artigo 3 do presente anteproxecto que quedaría coa seguinte redacción.



- c) *Estar composta por un número mínimo de asociados que posúan a condición de galegos, **así como tamén os seus descendentes**, conforme ao disposto no artigo 3 da presente Lei, que se determinará regulamentariamente.*
- ✓ En principio a proposta achegada parece razoable para garantir a pervivencia das comunidades galegas a longo prazo ao darlle continuidade á galeguidade da entidade a través dos descendentes.
- No artigo 8. e) , que fala da necesidade de reflectir nos estatutos das entidades o destino do patrimonio das mesmas en caso de disolución, apuntan engadir ao texto:
- e) *Recoller nos seus estatutos o destino do seu patrimonio en caso de disolución. O patrimonio, cando menos o cultural, se cederá ao pobo galego, a través da Comunidade Autónoma de Galicia **e/ou a outras comunidades galegas asentadas dentro do territorio**, e de conformidade co ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma de Galicia e dos estados onde estean asentadas ditas comunidades.*
- ✓ Á comisión redactora parécenos axeitado e xustifico este engadido que abre a posibilidade de que en caso de que as leis dos estados ou comunidades non permitan a saída do patrimonio cultural galego do país este poida quedar protexido por outra comunidade galega.
- ***Sociedade Galega Sementeira de Basilea.** Formula os seguintes engadidos ao artigo 8.*
- ii. *Estas entidades deberán, necesariamente, acoller na súa denominación a verba “galego/a” ou “Galicia/Galiza”.*
- iv. *Ser unha entidade independente e non ter vinculación orgánica con partidos políticos, confesións relixiosas nin organizacións empresariais.*
- vi. *Difundir a cultura e lingua galegas mediante o desenvolvemento de cursos, obradoiros ou actividades divulgativas nos territorios nos que estean asentadas.*
- vii. *Levar contabilidade fiel da actividade económica da asociación.*
- ix. *Recoller nos seus estatutos o destino do seu patrimonio no caso de disolución e que o patrimonio con valor histórico, cultural, artístico ou patrimonial poida ser doado ao pobo galego, a través da Comunidade Autónoma de Galicia, se así o acordasen os seus socios e de conformidade cos ordenamentos xurídicos dos estados onde estean asentadas ou que lles fosen aplicables.*
- ✓ A primeira proposta parécenos totalmente inasumible e contraria ao espírito da galeguidade, de feito a maior parte das entidades centenarias non teñen nin o nome “Galicia, nin o xentilicio “Galego”, o espazo microsocietario sobre o que se fundou a galeguidade está repleto de referencias de lugares, parroquias, municipios e provincias da nosa Comunidade. Non é a nosa vontade nin impoñer nomes nin uniformizar as Comunidades Galegas. Por outro lado lémbrolles aos redactores da proposta que xa no ano 2008 a Real Academia Galega sinalou ao Consello de



Goberno da Xunta de Galicia que o único topónimo oficial para a denominación da nosa Comunidade é “Galicia”, o termo “Galiza”deixou de usarse na lingua oral dende a finalización do medievo. As dúas formas son exclusivamente lexítimas no sentido filolóxico e histórico pero non na oficialidade da denominación da nosa comunidade.

En canto ao control da “independencia” das entidades, lémbrolles aos redactores da proposta que a Administración de Galicia non é a recoñecedora das asociacións como tales, competencia exclusiva e soberana dos Estados e Comunidades Autónomas nas que están constituídas. Por outra banda, a limitación de pertenza ou relación con outras organizacións, nas lexislacións democráticas se circunscribe a aquelas de carácter ilegal, cuxos fins sexan ilícitos ou que atenten contra os principios que rexen os estados democráticos. Que nós saibamos, as organizacións políticas, a Igrexa e as asociacións empresariais son organizacións democráticas.

No que se refire a difusión da cultura e lingua galegas. Non podemos aceptar esta proposta pois limitaría gravemente a aquelas comunidades –moitas delas históricas–cuxos fins esenciais son a protección social ou sanitaria, a instrución ou o recreo, obxectivos igualmente válidos para o seu recoñecemento.

No que se refire á contabilidade “fíel”. Reiteramos que a Xunta de Galicia non ten competencias para fiscalizar a contabilidade das entidades, exclusivamente podemos fiscalizar o destino das subvencións ou axudas que se lle poidan outorgar ás entidades.

No que se refire á protección do patrimonio, o feito de introducir “...se así o acordasen os seus socios.” E pouco comprensible. Os cambios estatutarios se fan co acordo da asemblea dos socios en tódolos casos. O feito é que se os socios rexeitan a cesión patrimonial esa entidade non pode optar ao recoñecemento da súa galegitude como Comunidade Galega e poderá optar ao recoñecemento da súa galegitude como centro colaborador ou nalgunha outra categoría. E dicir, respectando a soberanía e autonomía das entidades, as súas decisións condicionarán a súa capacidade para optar a unha ou outra categoría de recoñecemento.

Art. 9. Procedemento.

- A Unión de Sociedades Galegas na República Arxentina.Sinala dous aspectos que lle parecen mellorables.

No Art. 9.2.g. Manifestan dificultade para achegar as certificacións que garantan que os socios sinalados como galegos o son efectivamente e, propoñen limitar esta petición aos casos sinalados no art. 8.1.b e 8.2 , coa seguinte redacción.

g) *Certificación nominal dos socios da entidade na que conste **a acreditación prevista** nos apartados 1.b e 2 do artigo 8 da presente lei.*

- ✓ Tendo en conta que o número de socios (e daqueles deles que sexan galegos ou descendentes) é un requisito para o recoñecemento da súa galegitude, a administración debe garantir que os datos aportados sexan reflexo fíel da realidade da entidade e, ao mesmo tempo garantir a obxectividade e



ecuanimidade nos acordos de goberno. No desenvolvemento regulamentario do rexistro da galegidade, veranse os prazos, formas e garantías na achega e tratamento desta información á Administración galega, pero a achega documental é a única forma obxectiva de recoñecer como válida a condición política dun galego no exterior ou da vinculación familiar a un galego de orixe.

No Art. 9.3 Manifestan as súas reticencias cara ao uso do silencio administrativo negativo e propoñen unha redacción alternativa.

3. *O prazo para resolver o recoñecemento da Galegidade será dun ano a contar dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente en materia de emigración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A aceptación ou desestimación da solicitude de recoñecemento da galegidade deberá ser resolta no prazo indicado no parágrafo anterior mediante resolución fundada, fidelignamente notificada á entidade solicitante.

- ✓ No caso do recoñecemento da galegidade como comunidade galega, o feito de que este recoñecemento se produza por acordo do Consello de Goberno da Xunta de Galicia, impide a posibilidade de que o silencio administrativo actúe a favor da entidade solicitante e, no caso de que se dilatara o proceso máis dun ano, este silencio da Administración só poder ser entendido como desestimativo da mesma.

No caso do recoñecemento da galegidade como centro colaborador, que se producirá, por resolución do órgano da Xunta de Galicia competente en materia de emigración, tras o análise do informe preceptivo da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, o equipo redactor do anteproxecto ve positiva a eliminación do silencio negativo e acordar un prazo obrigatorio de resposta nun sentido ou outro á entidade.

- A *Sociedade Galega Sementeira de Basilea*, Formula que o recoñecemento da galegidade a unha entidade como comunidade galega se realice mediante decreto do Consello de Goberno da Xunta de Galicia.
- ✓ O decreto é un tipo de acto administrativo e que posúe, xeralmente, un contido normativo regulamentario, polo que o seu rango é xerarquicamente inferior ó das leis. Esta proposta é inaceptable xa que o recoñecemento da galegidade é un acordo do Goberno galego e nela non se regula á participación da entidade recoñecida no ámbito da galegidade, simplemente se recoñece a mesma como acto de Goberno en exercicio do sinalado polo Estatuto de Autonomía e a Lei de Recoñecemento da Galegidade que son as normas que determinan este dereito.



Título I: Das entidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Capítulo II: Outras entidades galegas.

Art. 10. Dos centros colaboradores da galeguidade.

- A *Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea*,. Sinala que o recoñecemento como centro colaborador se poida estender ás Federacións.
- ✓ A Administración galega non pode aceptar a sobrerrepresentación no ámbito da galeguidade. As federacións non poden competir coas entidades nas súas actividades cotiáns, xa que o seu funcionamento e obxectivos son diferentes e, por iso teñen unha clasificación propia no ámbito da galeguidade que tampouco lles posibilita participar como membros de pleno dereito no Consello de Comunidades, no que xa están representadas as entidades que forman parte da federación.

Art. 11. Requisitos.

- A *Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea*, achega unha serie de artigos a engadir que xa foron comentados no caso do artigo 8.

Art. 12. Procedemento.

- *Unión de Sociedades Galegas na República Arxentina*. Formulan as mesmas alegacións sinaladas para o artigo 9.
- ✓ A nosa opinión e a mesma que no formulado no art. 9 co matiz expresado para o silencio negativo no recoñecemento dos centros colaboradores.

Art. 13. Das federacións de entidades galegas.

- *Unión de Sociedades Galegas na República Arxentina*. Buscan a clarificación do texto normativo coa proposta da seguinte redacción.
 2. *Poderán inscribirse no Rexistro da Galeguidade aquelas federacións constituídas no estranxeiro por entidades con domicilio social dentro dun mesmo ámbito territorial e que estean compostas, como mínimo, por dezoito comunidades galegas e/ou centros colaboradores inscritos no Rexistro da Galeguidade ou ben que integren ao oitenta por cento das comunidades galegas e/ou centros colaboradores, nese ámbito territorial. A estes efectos enténdese que o ámbito territorial será, cando menos, o rexional no país no que teñan a súa sede.*
 3. *No caso das comunidades galegas e/ou centros colaboradores asentados nas comunidades autónomas españolas, agás a Comunidade Autónoma de Galicia, poderán acceder ao rexistro, aquelas federacións compostas polo oitenta por cento, cando menos, das entidades e Centros colaboradores domiciliados en dita comunidade autónoma, sempre e cando non exista outra federación previamente inscrita na mesma comunidade autónoma, e o número de entidades que a compoñan sexa igual ou superior a seis.*



✓ Parécenos unha achega axeitada e que clarifica o texto normativo.

Titulo I: Das entidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Capítulo IV: Da unión ou fusión das entidades galegas.

Art. 19. Fins.

Art. 20. Procedemento

▪ A Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea, formula no art. 19 o cambio do termo “fomentará” por “apoiará” e engade no Art. 20 “e respectando a autonomía dos centros”.

✓ A administración galega contempla facer unha labor de explicación das vantaxes de emprender procesos de unión ou fusión entre entidades galegas, como xa ven realizando ata agora. Non vemos necesidade de “apoiar” unha decisión soberana das entidades nin tampouco de que se desenvolva nesta proposta o contido dese apoio: se será económico, material, xurídico, en consultoría, etc...

Por outra banda consideramos innecesario facer referencia ao respecto da autonomía dos centros por parte da Comunidade Autónoma de Galicia. En primeiro lugar porque a Comunidade Autónoma de Galicia non é competente á hora de regular ou fiscalizar a asociacións constituídas fora do seu territorio, só é competente na regulación do espazo da galegitude e do seu recoñecemento e, en segundo lugar, por que as leis que nos son propias, entre elas á que regula as asociacións civís en Galicia xa definen e regulan o espazo de autonomía das nosas asociacións.

Titulo V: Do Consello de Comunidades Galegas.

Art. 35. Funcións do Consello de Comunidades Galegas.

A Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea, formula a inclusión de dous apartados mais que sinalan:

v. Reprobar ou propoñe-lo cese do titular do órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento desta Lei e as relacións coas Comunidades Galegas.

vi. Establecer o regulamento de funcionamento dos órganos de representación da Galegitude.

✓ O nomeamento ou o cese dos titulares das Secretarías Xerais do Presidente da Xunta de Galicia son potestade exclusiva do Presidente. Por outra banda a función do Consello de Comunidades Galegas é asesora e consultiva polo que non ten caso formular esta función que contradí a propia natureza xurídica deste órgano.



O regulamento e funcionamento dos órganos xerados polas leis de Galicia se plasman nun decreto lei que ten esta función normativa de regular e que emana – normalmente- do poder executivo. A natureza xurídica do Consello de Comunidades Galegas impídelle ser o regulador do seu funcionamento, iso non impide que os decretos reguladores dos órganos da galeguidade sexan debatidos previamente á súa aprobación polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia e publicación no DOGA por este mesmo órgano.

Art. 36. Composición

- A Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea, formula incrementar a participación de membros natos do Consello:

Vogais:

- a. Cada un dos conselleiros ou titulares dos departamentos da Administración Autonómica de Galicia.
 - b. Un vogal representante do Consello da Cultura Galega.
 - c. Un vogal representante da Real Academia Galega.
 - d. Un vogal representante por cada Universidade de Galicia.
 - e. Un vogal representante por cada un dos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia.
 - f. Un vogal representante por cada unha das organización sindicais máis representativas de Galicia.
 - g. Un vogal representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.
 - h. Un vogal representante das asociacións de retornados de Galicia.
 - i. Un vogal representante por cada unha das Comunidades Galegas con Galeguidade inscritas no Rexistro da Galeguidade.
- ✓ Manifesto a miña total desconformidade con esta proposta. Non ten sentido convocar ao conxunto do Goberno de Galicia sexa cal sexa a súa competencia (¿Qué pintaría neste consello o titular de Mar, ou o de Infraestruturas, ou o de Facenda?, a presenza dos partidos políticos, ademais de entrar en contradición coa proposta de “despolitización” das entidades galegas feita por esta sociedade, exprésase en relación ao executivo de Galicia e as cuestións relacionadas coa emigración na Comisión 1ª do Parlamento de Galicia, non entendemos tampouco a petición de presenza dos sindicatos e non das asociacións empresariais que conxuntamente conforman o “espazo social de debate” nunha sociedade democrática. Por sumar institucións non melloramos o órgano, normalmente sucede ao contrario.

Capítulo I. Do pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Art.42. Atribucións.

- A Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea, propón incluír neste artigo:

ii. Elixir aos vogais representantes e suplentes, das áreas xeográficas na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.



- ✓ Tal e como se lee esta achega, o pleno, no seu conxunto, elixiría as entidades representantes na Comisión Delegada. E dicir: O goberno de Galicia, a Administración galega, o Consello da Cultura, a Real Academia, as Universidades e pola súa proposta, os partidos políticos, sindicatos e o Presidente da FEGAMP, serían electores ao mesmo nivel que as Comunidades. Indubidablemente esta proposta parece pouco pensada e atentatoria contra a necesaria autonomía de decisión das comunidades á hora de elixir aos seus representantes neste órgano.

Sinalamos ademais que esta proposta entra en contradición co expresado nos art. 27.1.iii e 27.2 do documento presentado por esta entidade.

Capítulo II. Da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Art.48. Composición.

- A Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea, propón incluír neste artigo:

vi. Un representante por cada Comunidade Galega que teña máis de 20.000 socios galegos, conforme á definición establecida no artigo 3 desta Lei, inscrita no Rexistro da Galeguidade.

vii. Un representante de todas as Comunidades Galegas, inscritas no Rexistro da Galeguidade, asentadas nun mesmo país no que residan máis de 20.000 galegos, conforme á definición establecida no artigo 3 desta Lei, e sempre que ningunha desas Comunidades Galegas de dito país teña máis de 20.000 socios galegos.

- ✓ O apartado vi, parécenos valorativo e deixamos o debate sobre o número de socios á propia comisión.

O apartado vii, parécenos que abre unha porta a complicar a representación das entidades. As comunidades represéntanse a si mesmas. Esta é unha lei asociativa e non de representación da cidadanía galega no exterior, se abrimos o debate sobre representacións cualificadas, habería que relacionar o número de socios das entidades sobre o conxunto de poboación galega no territorio e os resultados varían extraordinariamente entre países. Como exemplo:

As Comunidades Galegas no Uruguai agrupan ao 50% dos galegos residentes, en Arxentina ao 15%, en Venezuela ao 15%, en Cuba ao 11%, en Suíza ao 5%, en Bélxica ao 47%, en Francia ao 0,4%, en Portugal ao 15%, en Cataluña, ao 7%, no País Vasco ao 6% ou en Canarias ao 3%.

- Unión de Sociedades Galegas na República Arxentina, propón a inclusión como membros natos da Comisión Delegada dos centros históricos cun carácter específico reconecido polas comunidades galegas da súa área, no caso concreto de Arxentina, O Centro Galego de Bos Aires.



- ✓ Entendemos o pensamento subxacente e a importancia dalgunhas entidades na conformación do subconsciente colectivo da galeguidade. Debemos aplicar criterios obxectivos para a selección dos membros natos.



ANEXO I: Regulamento do Parlamento de Galicia

Título VI Do procedemento legislativo

Capítulo I Da iniciativa legislativa

Artigo 110

A iniciativa legislativa, sen prexuízo do disposto no artigo 87.2 da Constitución e no 10.1.f) do Estatuto de autonomía, correspóndelles:

- 1.- Aos deputados e aos grupos parlamentarios de acordo co que establece este Regulamento.
- 2.- Á Xunta ou ao Goberno de Galicia.
- 3.- Aos cidadáns, de acordo co artigo 87.3 da Constitución española e da lei orgánica que o desenvolva.

Capítulo II Do procedemento legislativo común

Sección 1.^a Dos proxectos de lei

Artigo 111

- 1.- Os proxectos de lei remitidos pola Xunta de Galicia deben ir acompañados dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar.
- 2.- A Mesa do Parlamento mandará que se publiquen, que se abra o prazo de emendas e, oída a Xunta de Portavoces, que se tramiten na Comisión correspondente.

Artigo 112

- 1.- Publicado un proxecto de lei, os deputados e os grupos parlamentarios terán un prazo de quince días para presentar emendas a aquel mediante escrito dirixido á Mesa da Comisión. O escrito de emendas deberá levar a sinatura do portavoz do grupo ao que pertenza o deputado ou da persoa que substitúa a aquel, para os meros efectos de coñecemento. A omisión deste trámite poderá repararse antes do comezo da discusión en Comisión.
- 2.- As emendas poderán ser á totalidade ou ao articulado.
- 3.- Serán emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios ou o espírito do proxecto de lei e postulen a devolución daquel á Xunta, ou as que propoñan un texto completo alternativo ao do proxecto. Só poderán ser presentadas polos grupos parlamentarios ou por un deputado coa sinatura doutros catro.



4.- As emendas ao articulado poderán ser de supresión, modificación ou adición. Nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto completo que se propoña.

5.- A tal fin, e en xeral, para todos os efectos do procedemento lexislativo, cada disposición adicional, derradeira, derogatoria ou transitoria terá a consideración dun artigo, ao igual ca o título da lei, as rúbricas das distintas partes nas que estea sistematizado, a propia ordenación sistemática e a exposición de motivos.

Artigo 113

1.- As emendas a un proxecto de lei que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios requirirán a conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

2.- Para tal efecto, o Relatorio encargado de redactar o informe remitiralle á Xunta de Galicia, por conduto da Presidencia do Parlamento, as que supoñan o antedito aumento ou mingua.

3.- A Xunta de Galicia deberá dar resposta razoada no prazo de quince días. Transcorrido este, entenderase que o silencio da Xunta de Galicia expresa conformidade.

4.- A Xunta de Galicia poderá manifestar a súa desconformidade coa tramitación de emendas que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios en calquera momento da tramitación, de non ter sido consultada na forma que sinalan os apartados anteriores.

5.- Cando se tratar de emendas que, aínda implicando mingua de ingresos tributarios, non estiveren suxeitas á conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación, ademais dos requisitos de carácter xeral, deberán propoñer unha baixa correlativa dos gastos.

Artigo 114

1.- O debate de totalidade dos proxectos de lei no Pleno procederá cando estiveren presentadas, dentro do prazo regulamentario, emendas á totalidade. O presidente da Comisión, neste caso, trasladaralle ao presidente do Parlamento de Galicia as emendas á totalidade que estivesen presentadas para a súa inclusión na orde do día da sesión plenaria na que se teñan de debater.

2.- O debate de totalidade desenvolverase con suxeición ao establecido neste Regulamento para os deste carácter, se ben unha vez defendidas todas as emendas, e como regra xeral, se establecerá unha rolda a favor e outra en contra sobre elas, e unha rolda de portavoces para os grupos non emendantes.

3.- Terminada a deliberación, o presidente someterá a votación as emendas á totalidade defendidas, comezando por aquelas que propoñan a devolución do proxecto á Xunta.

4.- Se o Pleno acordar a devolución do proxecto, este quedará desbotado e o presidente do Parlamento de Galicia comunicarallo ao da Xunta. No caso contrario, remitiráselle á Comisión para proseguir a súa tramitación.

5.- Se o Pleno aprobar unha emenda á totalidade das que propoñan un texto alternativo, daráselle traslado deste á Comisión correspondente, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e procederase a abrir un novo prazo de presentación de emendas, que só poderán formularse sobre o articulado.



Artigo 115

1.- Finalizado o debate de totalidade, se o houber, e en todo caso o prazo de presentación de emendas, a Comisión nomeará no seu seo un ou varios relatores para que, á vista do texto e das emendas presentadas ao articulado, redacte un informe no prazo de quince días.

2.- A Mesa da Comisión, sen prexuízo do establecido no apartado 3 do artigo 43 do presente Regulamento, poderá prorrogar o prazo para a emisión do informe, cando a transcendencia ou complexidade do proxecto de lei así o esixir.

Artigo 116

1.- Concluído o informe do Relatorio, comezará o debate en Comisión, que se fará artigo por artigo. En cada un deles poderán facer uso da palabra os emendantes ao artigo e os membros da Comisión.

2.- As emendas que estivesen presentadas en relación coa exposición de motivos discutiranse ao final do articulado, se a Comisión acordar incorporar a devandita exposición de motivos como preámbulo da lei.

3.- Durante a discusión dun artigo, a Mesa poderá admitir a trámite novas emendas que se presenten neste momento por escrito por un membro da Comisión, sempre que tendan a alcanzar un acordo por aproximación entre as emendas xa formuladas e o texto do artigo. Tamén se admitirán a trámite emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais.

Artigo 117

1.- Na dirección dos debates da Comisión, a Presidencia da Mesa exercerá as funcións que neste Regulamento se lles confiran á Presidencia e á Mesa do Parlamento.

2.- O presidente da Comisión, de acordo coa Mesa desta, poderá establecer o tempo máximo da discusión para cada artigo, o que corresponda a cada intervención, á vista do número de peticións de palabra, e o total para a conclusión do ditame.

Artigo 118

O ditame da Comisión, asinado polo seu presidente e polo secretario, remitiráselle ao presidente do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.

Artigo 119

Os grupos parlamentarios e deputados, dentro das corenta e oito horas seguintes á data de terminación do ditame, en escrito dirixido ao presidente da Cámara, deberán comunicar os votos particulares e as emendas que, despois de ser defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.



Artigo 120

1.- O debate no Pleno comezará pola presentación que do ditame da Comisión faga o presidente desta ou un deputado en quen delegue, por un tempo de dez minutos.

A continuación os grupos parlamentarios dispoñerán sucesivamente dunha rolda de quince minutos para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas e os votos particulares non incorporados a aquel e que oportunamente reservasen.

O debate pecharase con outra rolda de cinco minutos para que sucesivamente os grupos se definan sobre as emendas e os votos particulares defendidos polos demais.

2.- A Presidencia da Cámara someterá a votación as emendas e os votos particulares mantidos, e incorporaranse ao texto os que resulten aprobados.

3.- Durante o debate a Presidencia poderá admitir emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. Só se poderán admitir a trámite as emendas de transacción entre as xa presentadas e o texto do ditame, cando se formulen por escrito e ningún grupo parlamentario se opoña á súa admisión. En todo caso, esta comportará a retirada das emendas respecto das que se transaccionen.

4.- Finalmente a Presidencia someterá a votación o ditame da Comisión coas emendas e cos votos particulares que fosen incorporados.

Artigo 121

Terminado o debate dun proxecto, se, como consecuencia da aprobación dun voto particular ou dunha emenda ou da votación dos artigos, o texto resultante puiden ser incongruente ou escuro nalgún dos seus puntos, a Mesa da Cámara poderá, por iniciativa propia ou por petición da Comisión, enviar o texto aprobado polo Pleno de novo á Comisión, co único fin de que esta, no prazo dun mes, efectúe unha redacción harmónica que deixe a salvo os acordos do Pleno. O ditame así redactado someterase á decisión final do Pleno, que deberá aprobalo ou rexeitalo no seu conxunto, nunha soa votación.

Comisión redactora do Anteproxecto da Lei da Galeguidade